

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

13273 *REAL DECRETO 890/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre. («BOE» 174, do 22-7-2006.)*

O Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece un réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre na Comunidade e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1290/2005 sobre o financiamento da política agrícola común, determina a creación dun fondo de reestruturación de carácter temporal e as condicións en que debe instrumentarse este fondo para financiar medidas de reestruturación do sector azucreiro.

Este real decreto ten por obxecto instrumentar o sistema de pagamento das cotizacións que teñen que realizar as empresas que teñan asignada unha cota de produción de azucre e/ou de isoglicosa. O importe temporal de reestruturación aboarase por campaña de comercialización e tonelada de cota que teñan asignada.

Por outra parte, establécese unha axuda á reestruturación cando se abandone a produción de azucre correspondente á cota asignada á empresa. En virtude diso, as empresas dispostas a renunciar á totalidade ou parte das súas cotas, que queiran acollerse á axuda á reestruturación, deben presentar unha solicitude en que faciliten toda a información pertinente para que se poida adoptar unha decisión sobre a axuda. A dita solicitude debe incluír un plan de reestruturación, con todas as informacións de carácter técnico, social, e financeiro.

Noutra orde de cousas, o fondo de reestruturación debe servir para financiar medidas denominadas de diversificación, que se establecerán para cada ano no contexto dun programa nacional de reestruturación, en que se priorizará a busca de novas saídas para os produtos agrícolas e silvícolas encamiñadas ao desenvolvemento de fontes renovables de enerxía e produción de biocombustibles.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as organizacións profesionais agrarias e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xullo de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o sistema para financiar os procesos de reestruturación do sector do azucre e isoglicosa e o sistema para a recadación do importe temporal de reestruturación, así como para a xestión, control e pagamento das axudas á reestruturación e diversificación segundo o previsto no Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece un réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre na Comunidade e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1290/2005 sobre o financiamento da política agrícola común.

2. Será de aplicación ás empresas produtoras de azucre e isoglicosa, con cota asignada antes do 1 de xullo de 2006, aos agricultores e contratistas de maquinaria afectados pola reestruturación do sector do azucre, así como aos beneficiarios das axudas á diversificación.

Artigo 2. *Axuda á reestruturación.*

Concederáselles unha axuda á reestruturación ás empresas produtoras de azucre ou isoglicosa na forma e contía que se establece no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

Artigo 3. *Solicitudes de axuda á reestruturación.*

1. As empresas que decidan abandonar a produción de azucre ou isoglicosa e desexen acollerse ás axudas establecidas no fondo temporal de reestruturación presentarán unha solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a fábrica sometida a actuacións de reestruturación, que conteña, polo menos, os datos que figuran en anexo I.

2. A solicitude de axuda á reestruturación presentarse antes do 31 de decembro anterior á campaña en que se abandone a cota. Para a campaña 2006/2007 a presentación da dita solicitude deberá facerse antes do 31 de xullo de 2006.

3. Coa solicitude de axuda deberá presentarse a documentación establecida no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, e, ao menos, a seguinte:

a) Un plan de reestruturación, que conterá os elementos descritos no artigo 4.3 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

b) Copia do acordo suscrito entre a industria transformadora e os produtores de remolacha e/ou cana de azucre ou, no seu defecto, xustificante de ter consultado cos produtores que entregan a súa produción na fábrica obxecto da reestruturación.

c) Copia do acordo suscrito entre a empresa e a representación legal dos traballadores, onde se establezan

as condicións sociais e laborais de aplicación aos traballadores afectados ou, se é o caso, plan de acompañamento social presentado pola empresa, que recolla as medidas adoptadas ou previstas para evitar ou reducir os efectos do despedimento colectivo, así como para atenuar as súas consecuencias sobre os traballadores afectados.

d) Compromiso escrito do representante legal da industria de transformación de renuncia expresa á cota ou parte de cota da empresa que renuncia na campaña de comercialización indicada na solicitude de axuda indicada no anexo I deste real decreto.

e) Para o caso de desmantelamento total das instalacións de produción dunha empresa, compromiso escrito do representante legal da empresa de que o desmantelamento se efectuará dentro do prazo que se estableza na aprobación do plan de reestruturación, de acordo coas exixencias económicas e fiscais establecidas.

f) Para o caso de desmantelamento parcial de instalacións, compromiso escrito do representante legal de efectuar o desmantelamento no prazo que se estableza na aprobación do plan de reestruturación, así como de non utilizar o resto de instalacións para a produción dos produtos cubertos pola Organización Común de Mercados (OCM) do azucre, segundo a modalidade de desmantelamento recollida na letra b) do parágrafo 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

g) Compromiso escrito do representante legal da empresa de levar a cabo o plan de reestruturación respecto ás condicións ambientais, no prazo que se estableza na aprobación do plan de reestruturación.

h) O compromiso de non utilizar as instalacións de produción para refinar o azucre bruto, no caso da letra c), parágrafo 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

Artigo 4. *Tramitación da solicitude.*

1. A tramitación da solicitude efectuarase de acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, e no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, que establece as normas de aplicación para un plan temporal de reestruturación da industria azucreira na campaña 2006/2007.

2. A comunidade autónoma que recibise unha solicitude completa notificarallo ao solicitante, indicándolle a data e hora de presentación, dentro dos cinco días seguintes á data en que se reciba. O mesmo día, por fax ou correo electrónico ou por calquera medio que permita a súa recepción no mesmo día, comunicaráo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cubrindo o anexo do Regulamento (CE) n.º 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, para a súa comunicación á Comisión Europea.

Artigo 5. *Coordinación.*

1. A comunidade autónoma comunicarlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde 20 días despois de recibir as solicitudes de axuda completas, unha copia do plan presentado cun informe sobre este, así como a porcentaxe da axuda á reestruturación que se reserva para os produtores de remolacha azucreira e contratistas de maquinaria a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas os plans de reestruturación que presentasen as empresas, para que se cumpran todas as exixencias do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, e do Regulamento (CE)

n.º 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, polo que se establece un réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre.

Artigo 6. *Aprobación dos plans de reestruturación.*

O órgano competente da comunidade autónoma resolverá sobre a solicitude de axuda á reestruturación e notificaralle a súa resolución á empresa solicitante dentro dos 30 días seguintes á data de presentación da solicitude e, en todo caso, antes do 28 de febreiro anterior á campaña en que a empresa solicita renunciar á cota. Para a campaña de comercialización 2006/2007, a data límite para a notificación á empresa será o 18 de setembro de 2006.

Artigo 7. *Contía da axuda á reestruturación.*

1. O importe da axuda á reestruturación por cada tonelada da cota a que se renuncie será o establecido no artigo 3.5 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

2. Do importe da axuda deducirase unha porcentaxe para produtores de remolacha e cana de azucre e para contratistas de maquinaria, que no caso da remolacha azucreira estará comprendido entre o 10 e o 15 por cento da axuda. Para a cana de azucre será do 40 por cento da axuda.

a) Serán considerados produtores de remolacha azucreira e cana de azucre os que a entregasen para a produción de azucre de cota nas campañas que determine a comunidade autónoma afectada, dentro dalgunha das tres campañas inmediatamente anteriores a aquela en que se produza o abandono da cota.

b) Serán considerados contratistas de maquinaria aqueles que traballasen coas máquinas para os produtores anteriores, nos mesmos períodos de referencia e unicamente polas perdas que deriven da maquinaria especializada que non se use con outros fins, para o cal deberán demostrar de modo que faga fe o despezamento da maquinaria obxecto do dereito á axuda.

c) Para a campaña de comercialización 2006/2007, fíxanse as campañas do período de referencia a que se refire o artigo 4.1 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro de 2005, polo que se regula a concesión de dereitos de axuda aos agricultores dentro do réxime de pagamento único. Para os produtores de cana de azucre o período a considerar será o establecido no artigo 4.1 do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro de 2005.

A axuda que lles corresponda aos produtores distribuirase proporcionalmente ás cantidades de remolacha de cota e cana de azucre producida e entregada por estes á industria azucreira nas campañas anteriormente citadas.

3. O pagamento aos produtores e aos contratistas de maquinaria aboaráo directamente o organismo pagador da comunidade autónoma onde radiquen os afectados pola reestruturación, ao mesmo tempo que se lle aboa á empresa que renunciou á súa cota.

Artigo 8. *Pagamentos das axudas á reestruturación.*

1. A concesión da axuda á reestruturación está condicionada á existencia de recursos financeiros, unha vez comunicada pola Comisión Europea, de acordo co disposto no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

Se a Comisión Europea comunicase a falta de recursos financeiros, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación trasladará á comunidade autónoma correspondente a dita información para que Ila notifique á empresa, dándolle a oportunidade á empresa de retirar a

súa solicitude de axuda ou mantela para a campaña seguinte; neste caso mantense a orde de presentación no rexistro comunitario.

2. O organismo pagador da comunidade autónoma onde radiquen as fábricas ás cales se lles concedese a axuda á reestruturación procederá ao aboamento da dita axuda ás empresas adxudicatarias que estean cumprindo as disposicións do dito plan nos prazos e polos importes correspondentes.

3. As empresas que reciban unha axuda con cargo ao fondo de reestruturación presentarán ante o órgano competente da comunidade autónoma que corresponda, na data que determine, un informe anual coas accións ou medidas efectuadas, especificando os gastos realizados en cada unha delas e comparándoos cos previstos no plan de reestruturación.

Artigo 9. *Axuda á diversificación.*

1. A axuda para a diversificación establecida no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, aplicarase nas rexións afectadas por un plan de reestruturación da industria azucreira.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará un Programa Nacional de Reestruturación en colaboración coas comunidades autónomas afectadas, incluíndo as medidas que serán obxecto de axuda, identificando a compatibilidade entre as ditas axudas e as incluídas nos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas para o período 2007-2013, establecidos en virtude do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). O Programa Nacional de Reestruturación será aprobado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. As axudas de diversificación corresponderán ás medidas incluídas nos eixes 1 e 3 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, priorizando a busca de novas saídas para os produtos agrícolas e silvícolas encamiñadas ao desenvolvemento de fontes renovables de enerxía e produción de biocombustibles do eixe 1 e os aspectos de diversificación cara a actividades non agrícolas do artigo 53 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

Artigo 10. *Réxime aplicable aos controis sobre as axudas.*

1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido na normativa comunitaria aplicable e neste real decreto.

2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control que deberá establecer o Fondo Español de Garantía Agrícola, no sucesivo FEGA, en colaboración con estas.

3. Con independencia do plan de control xeral que se chegue a establecer, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de comprobación ou de investigación consideren precisas.

Artigo 11. *Actuacións de control.*

1. As actuacións de control sobre as axudas para a reestruturación do sector azucreiro serán realizadas polo persoal designado para o efecto pola autoridade competente da comunidade autónoma en que estean situadas as instalacións de produción obxecto de reestruturación, e desenvolveranse conforme os procedementos previstos no plan xeral de control.

2. Nas actuacións de control, as empresas que se acollesan ao plan de reestruturación e solicitasen as ditas

axudas estarán obrigadas a colaborar co persoal de control que as realicen e a pór á súa disposición toda a documentación que lles sexa exixida, que permita verificar o adecuado cumprimento das obrigas e compromisos que adquiriu a empresa ao solicitar e ser adxudicataria das axudas para a reestruturación do sector azucreiro.

3. O persoal de control poderá acceder a todas as instalacións das industrias que se vaian desmantelar total ou parcialmente acollidas ao plan de reestruturación, co fin de verificar in situ o desenvolvemento das obras ou acondicionamento das ditas instalacións para o seu fin de actividade e poder verificar se se cumpren ou non os prazos establecidos para iso.

4. O persoal de control poderá solicitar copias en papel ou soporte dixital de toda a información posta á súa disposición, calquera que sexa o seu soporte orixinal.

5. As actuacións de control documentaranse mediante dilixencias, comunicacións e informes, e con documentos solicitados nos controis.

6. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ao FEGA os informes de control e documentación que se requiran para o efecto, na forma e prazos que se determinen no plan de control establecido.

Artigo 12. *Cotizacións das empresas ao fondo temporal de reestruturación.*

1. Durante as campañas de comercialización 2006/2007, 2007/2008 e 2008/2009, as empresas que teñan asignada unha cota de produción de azucre e/ou de isoglucosa aboarán un importe temporal de reestruturación por cada campaña de comercialización e tonelada de cota que teñan asignada.

2. As liquidacións efectuaranse tendo en conta as cantidades en toneladas correspondentes ás cotas asignadas ás empresas de azucre e isoglucosa por campaña polos importes establecidos no artigo 11.2 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello.

3. As empresas aboarán os importes temporais de reestruturación fraccionados en dous pagamentos conforme o seguinte:

a) O 60 por cento, como máis tarde, o último día hábil do mes de febreiro da campaña de comercialización de que se trate.

b) O 40 por cento, como máis tarde, o último día hábil do mes de outubro seguinte.

4. As empresas aboarán o importe indicado no número 2 deste artigo na conta única establecida polo FEGA para tal efecto, e nos prazos indicados no número 3.

5. O orixinal do documento «Orde de pagamento» (anexo II), debidamente dilixenciado pola entidade financeira, será remitido ao FEGA, dentro dos 10 días naturais seguintes á data de ingreso.

Artigo 13. *Deber de colaboración e comunicación.*

Co fin de lle poder remitir en data á comisión os datos e informes requiridos na regulamentación comunitaria, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información necesaria nos prazos que se establezan para o efecto.

Disposición transitoria única. *Inaplicación do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, que establece as normas de aplicación para un plan temporal de reestruturación da industria azucreira na campaña 2006/2007.*

De acordo co disposto no artigo 2.6 do Regulamento (CE) n.º 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, que establece as normas de aplicación para un plan temporal de

reestruturación da industria azucreira, para a campaña 2006/2007 non será de aplicación o disposto no dito artigo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as

medidas precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto, e para modificar as datas e prazos de acordo co disposto nas normas comunitarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 21 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FONDO DE REESTRUTURACIÓN****DATOS DO SOLICITANTE**

NOME OU RAZÓN SOCIAL:		NIF
DOMICILIO SOCIAL:	MUNICIPIO:	
PROVINCIA:	C. POSTAL	
TELÉFONO:	Nº FAX	
IDENTIFICACIÓN DA FÁBRICA QUE SE ACOLLERÁ AO PLAN DE REESTRUTURACIÓN:		
ENDEREZO:		
MUNICIPIO:	PROVINCIA:	
CÓDIGO POSTAL:	TELEFONO:	Nº DE FAX:

A empresa cuxos datos se consignan e, no seu nome, o seu representante legal D/D^a. _____
 _____ con NIF nº _____,

EXPÓN:

Que está interesada en acollerse ás medidas establecidas no artigo 4 do Regulamento (CE) nº 320/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece un réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre na Comunidade e o Regulamento (CE) nº 968/2006 da Comisión, do 27 de xuño, polo que se establecen medidas suplementarias para a reestruturación do sector do azucre na Comunidade Europea, polo abandono de toneladas de cota de azucre /isoglicosa (1), na campaña debido ao desmantelamento total/parcial (1) das instalacións indicadas nos datos do solicitante.

Esta solicitude SI/NON (1) corresponde á renuncia en 2 etapas da totalidade da cota da fábrica citada. Se é o caso, a distribución é a seguinte:

Campaña toneladas

Campaña toneladas

Á presente solicitude xúntaselle a documentación seguinte (2):

- Plan de reestruturación, conforme o artigo 4.3 do Regulamento (CE) nº 320/2006.
- Copia do acordo suscrito entre a industria transformadora que represento e os produtores de remolacha e/ou cana de azucre, ou xustificante de ter consultado os produtores (1).
- Compromiso escrito do representante legal da industria de transformación de renuncia expresa á cota pertinente na campaña de comercialización correspondente.
- Copia do acordo suscrito entre a empresa e a representación legal dos traballadores, onde se establezan as condicións sociais e laborais de aplicación aos traballadores afectados ou, se é o caso, plan de acompañamento social presentado pola empresa, que recolla as medidas adoptadas ou previstas para evitar ou reducir os efectos do despedimento colectivo, así como para atenuar as súas consecuencias sobre os traballadores afectados.
- Para o caso de desmantelamento parcial de instalacións, compromiso escrito do representante legal de efectuar o desmantelamento en prazo, así como de non utilizar o resto de instalacións para a produción dos produtos cubertos pola OCM do azucre, segundo a modalidade de desmantelamento recollida na alínea b) do parágrafo 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) nº 320/2006 do Consello.

- Para o caso de desmantelamento total das instalacións de produción dunha empresa, compromiso escrito do representante legal da empresa de que o desmantelamento se efectuará dentro do prazo que se estableza na aprobación do plan de reestruturación.
- O compromiso de non utilizar as instalacións de produción para refinar o azucre bruto, no caso da letra c), parágrafo 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) nº 320/2006 do Consello.
- Compromiso escrito do representante legal da empresa de levar a cabo o plan de reestruturación respecto ás condicións ambientais.

DECLARA:

Que a empresa á cal representa:

- a) Coñece e acata a regulamentación comunitaria e nacional ditada para o efecto.
- b) Someterase ás medidas de control establecidas polo FEGA e polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se encontra situada a industria azucreira sometida ao plan de reestruturación

DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN (marcar cunha o cadro correcto)

Para os efectos de notificación, o interesado sinalará o medio preferente

Nº de Servizo postal Mensaxaría: _____
 fax:

Outros: _____

e como lugar:

Domicilio de notificación: Domicilio particular Domicilio laboral Outros domicilios

Enderezo da notificación: rúa, praza, etc. Localidade Código postal

Provincia País Teléfono

A empresa arriba consignada e, no seu nome, o seu representante legal:

Lugar e data	Sinatura

NOTA: o tratamento dos datos persoais contidos neste documento realizarase conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- (1).- Rísquese o que non proceda.
- (2).- Indicar cunha cruz a documentación que se achega.

ÓRGANO COMPETENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE

ANEXO II

BANCO DE ESPAÑA	ORDE DE PAGAMENTO	Banco: _____ Sucursal: _____
A favor da conta nº. 90000001200200001478, titulada FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA (FEGA)-DIRECCIÓN XERAL		
DATOS A CAPTURAR POR TERMINAL. (En referencia) Nº liquidación _____	(O ordenante) CIF/NIF	
Nome ou razón social:		
Importe: €	Son euros (en letra):	
	En o de de 20____	
	Sinatura do imponente	